


# Un equipo da USC diseña unha nova estratexia de inmunoterapia contra o cancro

*O estudo abre unha nova vía para reactivar o sistema inmunitario e devolverlle a súa efectividade na loita contra os tumores*

Por **Redacción** - 23/05/2022



*De esquerda a dereita: Xerardo García Mera, Rubén Prieto, María Majellaro, Mabel Loza, Eddy Sotelo e José Manuel Brea.*

Un paso máis na loita contra o cancro e, esta vez, con selo galego. Investigadores do Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (**CiQUS**) da Universidade de Santiago de Compostela (**USC**) abren unha **nova vía immuno-terapéutica** para a loita contra o cancro. O estudo demostra que o bloqueo de **receptores A2B** de adenosina permite reactivar o sistema inmunitario devolvéndolle a súa efectividade na loita fronte aos tumores.

A investigación, que acaban de publicarse na revista *Journal for Immunotherapy of Cancer*, estivo liderada por **Eddy Sotelo**, da USC, e por **Andreas Lundqvist** do Karolinska Institutet de Suecia. Tamén participaron no artigo científicos do Centro en Investigación de Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (**CiMUS**), da Facultade de Farmacia da USC e da Universidade de Uppsala de Suecia.

## Bloqueo do efecto inmunosupresor

O traballo demostrou o notable efecto inmunosupresor que xoga o receptor A2B de adenosina no microambiente tumoral, así como os beneficios derivados do seu bloqueo no contexto da inmunoterapia do cancro. O tratamento cos novos fármacos reduce a supresión das células do sistema inmunolóxico no microambiente tumoral e incrementa a infiltración dos linfocitos no tecido, cunha importante remisión do tumor.

## Novos fármacos contra o cancro

O traballo tamén desvelou o potente efecto anticanceríxeno de dúas familias de fármacos desenvolvidos na USC, o que abre a porta a tratamentos innovadores. A **inmunoterapia** do cancro, baseada na

reactivación do sistema inmunitario do paciente para combater a enfermidade, constitúe unha das estratexias terapéuticas máis efectivas e disruptivas.

Para neutralizar o bloqueo do sistema inmunitario inducido polas células canceríxenas, utilízanse anticorpos monoclonais, proteínas artificiais que actúan como anticorpos humanos, que teñen unha complexa produción e custos elevados, o que dificulta o seu uso extensivo. Neste sentido, o desenvolvemento de fármacos capaces de actuar como estes anticorpos constitúe unha **estratexia nova** que abre a porta a tratamentos innovadores e combinacións sinérxicas.

## **Alianza de equipos da USC e colaboración internacional**

O estudo levouse a cabo por varios equipos a nivel mundial. Liderado polo investigador do CiQUS, Eddy Sotelo, para este proxecto uníronse investigadores da USC de diferentes centros: do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS), do Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), desde o grupo BioFarma que dirixe [Mabel Loza](#); e da Facultade de Farmacia da USC (Xerardo García Mera e Eddy Sotelo). Ademais, a alianza tamén contou con investigadores do Karolinska Institutet, da Universidade de Uppsala e da Universidade Tecnolóxica de Singapur.

---

---